

## DOMINGO 27 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Hab 1, 2-3; 2, 2-4

**O xusto vive pola súa fe**

### PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE HABACUC

Ata que día, Señor, hei de estar pedindo auxilio,  
sen que ti fagas caso?  
Ata que día clamarei cara a ti: "Violencia", sen que salves?  
Por que me fas ver a iniquidade e me fas contemplar o crime?  
Rapina e violencia diante de min: hai rifas e suscítase a disputa.  
Respondeume o Señor e díxome:  
- Escribe a visión e grávaa en taboíñas,  
para que se lea de corrido,  
pois aínda volverá ser unha visión no seu momento,  
falará da fin e non mentirá.  
Se tarda, espérea, pois virá e non demorará.  
Velaí: o temerario faise forte,  
o seu alento camiña con el,  
pero o xusto vivirá pola súa fe.

SALMO RESPONSORIAL Sal 94, 1-2. 6-7. 8-9

**R/ (8): ¡Se escoitarades hoxe a súa voz! Non endurezades o voso corazón**

Vide, cantémoslle ao Señor,  
Aclamemos a nosa rocha salvadora;  
acheguémonos á súa presenza con louvanza,  
aclamémolo con cancións.

Vide, adorémolo prostrados,  
axeonllémonos ante o Señor, que nos creou.  
El é o noso Deus  
e nós somos o seu pobo,  
o rabaño que guía a súa man.  
¡Se escoitarades hoxe a súa voz!

Non endurezades o corazón, coma en Meribah,  
coma o día de Masah, no deserto,  
cando vosos pais me tentaron,  
provocáronme aínda que viran os meus feitos.

SEGUNDA 2 Tim 1, 6-8. 13-14

**Non te avergonces do testemuño do noso Señor**

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA  
NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO A TIMOTEO**

Benquerido irmán:

Recórdoche que reavives o carisma de Deus, que hai en ti pola imposición das miñas mans. Porque Deus non nos deu un espírito feble senón forte, de amor e de sobriedade. Non teñas vergonza de noso Señor, nin de min, preso por el; ao contrario, faite partícipe dos meus sufrimentos polo Evanxeo, contando co poder de Deus. Mantén coma regra as palabras saudables que me escoitaches verbo da fe e da caridade de Cristo Xesús. Garda o precioso depósito por medio do Espírito Santo, que mora en nós.

ALELUIA 1 Pe 1, 25:

A palabra do Señor permanece eternamente;  
e esta é a palabra que se vos anunciou

**DOMINGO 27 ORDINARIO CICLO C**

EVANXEO Lc 17, 5-10

**¡Se tiverades fe!**

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS**

Daquela, rogáronlle os apóstolos ao Señor:

¡Auméntanos a fe!

O Señor respondeulles:

- Se tiverades polo menos unha fe coma un gran de mostaza, diriádeslle a esta moreira: "Arríncate e plántate no mar", e seguro que vos obedecía.

E, quen de vós que teña un criado arando ou pastoreando, lle di cando chega da veiga: "Entra axiña e ponte á mesa". Non lle dirá máis ben: "Prepara a cea, viste a roupa de traballo e ponme a comida; e cando eu remate de comer e beber, comerás e beberás ti?" Ou é que aínda lle vai ter que estar agradecido ao criado por facer o que lle manda? Así tamén vós, cando fagades todo o que se vos mande, dicide: "Somos simples servidores: total, non fixemos máis do que tiñamos que facer".